



introducción ao estudo de morcegos

**3^a
edición**

manexo e metodoloxías prácticas

27 - 29 xullo 2018

Organiza



CEIDA
CENTRO DE EXTENSIÓN
UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN
AMBIENTAL DE GALICIA



Biolearn
nuestra experiencia, tu formación

Colabora



► xustificación

Os morcegos constitúen o grupo de mamíferos máis numeroso do planeta despois dos roedores. De igual modo, son claves nos ecosistemas (control biolóxico de pragas, polinizador, dispersión de sementes, etc.). A pesar disto, trátase dun dos grupos de mamíferos máis ameazados e sensibles aos cambios, sendo tamén os menos coñecidos.

Os hábitos nocturnos destas especies esixen o uso de metodoloxías específicas e, debido a que non existe ningunha que permita detectar todas as especies, é recomendable o uso combinado de varias destas.

Na actualidade cada vez están máis presentes os estudos dirixidos a este grupo, principalmente en programas de monitorización ambiental relacionados con obras e infraestruturas (estradas, presas, parques eólicos, etc.). Non obstante, existe un importante déficit de persoal formado nas técnicas de estudo de quirópteros.

Deste modo, o obxectivo do curso é dar a coñecer o alumno/a as ferramentas adecuadas para afrontar un estudo dos morcegos.



► obxectivos

O curso introduce ao manexo das diversas metodoloxías utilizadas para o estudo de morcegos. O coñecemento destas ferramentas é fundamental para abordar calquera estudo ou seguimento ambiental que inclúa estas especies.

► metodoloxía

O curso desenvólvese de forma teórico-práctica, resaltando o desenvolvemento das competencias prácticas de cada un dos módulos.

Para iso, tras unha exposición dos contidos teóricos do módulo que acheguen ao alumno/a aos conceptos relevantes, é o alumno/a quen toma un papel activo mediante o emprego das ferramentas, técnicas e equipos, aprendendo de primeira man o manexo destas.

Finalmente, subliñarase a súa aplicación a través de diversas intervencións en situacións reais.

A avaliación realízase mediante un seguimento continuo, valorando tanto os coñecementos adquiridos coma a participación activa dos asistentes.

*Para o desenvolvemento das actividades prácticas, recoméndase aos alumnos/as que asistan equipados/as con roupa de traballo, chubasqueiro e botas de auga.



► módulos

Módulo 1. Introducción ao mundo dos quirópteros. Bioloxía das especies galegas

Profesor: Xosé Pardavila Rodríguez

Este módulo ten por obxectivo introducir o alumno/a ao mundo dos quirópteros (misticismo, bioloxía e problemas de conservación), facendo fincapé na súa relevancia ecolóxica. Durante o desenvolvemento do módulo daranse a coñecer as características de cada unha das especies de quirópteros galegos, as súas peculiaridades ecolóxicas e como afectan á súa bioloxía.

Módulo 2. Métodos invasivos para o estudo de quirópteros

Profesor: Xosé Pardavila Rodríguez

O obxectivo deste módulo é, introducir o alumno/a nos diferentes métodos invasivos para o estudo de mamíferos quirópteros. Efectuarase un repaso polos diversos métodos invasivos que se empregan no estudo de quirópteros (revisión de refuxios, estacións de captura, etc...) mediante o emprego de casos prácticos.

Módulo 3. Métodos non invasivos para o estudo de quirópteros

Profesor: Xosé Pardavila Rodríguez

As novas tecnoloxías están cada vez máis presentes na sociedade e, á parte do seu uso lúdico e social, día a día fanse máis interesantes para o mundo profesional. No presente módulo daremos a coñecer como os avances tecnolóxicos permitiron desenvolver diversos métodos non invasores para o estudo de quirópteros (detectores de ultrasóns, cámaras infravermellas,...).

Módulo 4. Obradoiro de uso de redes de néboa. Obradoiro de uso de detectores de ultrasóns

Profesor: Xosé Pardavila Rodríguez e Adrián Lamosa Torres

O obxectivo deste módulo é aplicar no campo dúas das principais técnicas de estudo de quirópteros. Durante esta sesión práctica instalaranse redes de néboa e utilizaranse equipos de detección e gravación de ultrasóns.

Módulo 5. Obradoiro de construción de caixas morcegueiras

Profesor: Xosé Pardavila Rodríguez e Adrián Lamosa Torres

A ausencia de refuxios e a destrución dos existentes son, posiblemente, das principais causas de declive das poboacións de quirópteros. Neste módulo, explicaráse como construír refuxios artificiais e a súa importancia na conservación destas especies. Unha vez construídos os refuxios instalásense no campo.

► **horario**

O curso desenvolverase en 20 horas, distribuídas en sesións de 6 horas a tarde do venres, 9 horas durante o sábado, e 5 horas o domingo pola mañá.

	Venres 27 xullo
19:00 - 20:00	Presentacion do curso. Desprazamento á zona de colocación das redes. Cea no campo
20:00 - 1:00	Módulo 4 Obradoiro de uso de redes de néboa. Obradoiro de uso de detectores de ultrasóns

	Sábado 28 xullo
10.00 - 11:30	Módulo 1. Introdución ao mundo dos quirópteros. Bioloxía das especies galegas
11:30 - 12:00	Descanso
12:00 - 13:30	Módulo 2. Métodos invasivos para o estudo de quirópteros
13:30 - 16:00	Descanso/Comida
16:00 - 17.30	Módulo 3. Métodos non invasivos para o estudo de quirópteros
17.30 - 19:00	Descanso/Desprazamento ao lugar das prácticas
19:00 - 1:00	Módulo 4. Obradoiro de uso de redes de néboa. Obradoiro de uso de detectores de ultrasón. Cea no campo

	Domingo 29 xullo
10:00 - 12:00	Módulo 5. Obradoiro de construción de caixas morcegueiras e colocación
12:00 - 12:15	Descanso
12:15 - 15:00	Módulo 5. Obradoiro de construción de caixas morcegueiras e colocación. Construción e instalación de caixas. Despedida do curso

► lugar

Centro Etnográfico do Río Mandeo, Teixeiro (Curtis) - Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo)

► equipo docente

Xosé Pardavila, Adrián Lamosa (www.biolearn.org)

► certificado

Unha vez superados os criterios de avaliación de cada un dos módulos, faise entrega dun certificado de aproveitamento outorgado polo CEIDA. Será preciso así mesmo asistir, polo menos, a un 80% das horas do curso.



► inscrición

Matrícula: 95 €. A matrícula inclúe aloxamento no albergue do Centro Etnográfico de Teixeiro (habitación con dereito a cociña) durante os días de desenvolvemento do curso. As prazas son limitadas por rigurosa orde de inscrición.

► máis información

formacion@ceida.org - 981 630 618